ORGANIZA

COMPOSTELA ILUSTRADA

APOIAN

Deputación DA CORUÑA

CONCELLO DE SANTIAGO

COA COLABORACIÓN DE

XUNTA DE GALICIA

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

Mercado de Abastos de Santiago
Sociedade Cooperativa Galega

maravalla

CASA do TABERNEIRO

O XARDÍN DE JULIA

libraría couceiro

lila.

FERRADURA

TURISMO DO PORTO E NORTE DE PORTUGAL
portoenorte

elladiz

www.compostelailustrada.com

6º ENCONTRO INTERNACIONAL de CADERNOS DE VIAXE

# COMPOSTELA ILUSTRADA 2023

SANTIAGO DE COMPOSTELA 9·10·11·12 DE NOVEMBRO









# Un modo de vida

O Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada nace no ano 2016 da man do Patito Editorial e Miguelanxo Prado (director entre o 2016 e 2018), concibido como un salón de inverno para cadernistas. Pasaron xa oito anos daquela primeira edición na que o noso obxectivo era -e segue a ser- traer os mellores profesionais desta arte para compartir as súas experiencias cos asistentes, a través de conferencias, exposicións, talleres etc.

Polas nosas rúas pasaron máis de sesenta artistas de todo o mundo e de diferentes disciplinas do debuxo; artistas como o mestre Munehiro Ikeda, Catel Müller, Max, Paula Bonet, Mariscal, María Ferreiros, Jorge Arranz, Celia Burgos, Luís Ruiz Padrón, Inma Serrano, Sagar Fornies, Isabel Carmona, Guridi, Paula Varona, Hugo Barros, Roísín Cure etc, debuxantes que mostraron a súa arte a máis de medio milleiro de alumnos que se achegaron a Compostela para aprender, pero tamén para compartir, para gozar da cidade, para coñecer a outros debuxantes urbanos e para facer turismo cun caderno nas mans.

A excepcionalidade dos anos 2020 e 2021 fixo imposible a celebración do Encontro, pero en Compostela Ilustrada non paramos e realizamos dous pequenos eventos -dirixidos xa por Maru Godás-: a edición verán 2020 e a edición primavera 2021, cunha parte desenvolvida integramente en rede.

En cada Encontro tratamos de sorprender os nosos participantes cunha selección moi coidada e pensada de invitados/as e actividades arredor do debuxo que cremos poden achegarlles algo diferente. Este ano queremos demostrar que o debuxo urbano pode ser máis que unha afección, pode ser unha profesión, e que non só é un movemento en auxe senón unha forma de vida.

# WORKSHOPS

Venres e sábado de 9 a 12 h

**Marion Rivolier**
*Captar a paisaxe contrastando cores*
PRAZA DO OBRADOIRO

**Tazab**
*Vitamina o teu caderno!*
PRAZA DE ABASTOS

**Lis Watkins**
*Vida no parque*
ALAMEDA

**Paulo J. Mendes**
*Os detalles invisibles*
RÚA DE SAN PEDRO

**Federico Granell**
*A forza do debuxo expresivo*
PRAZA DA QUINTANA

**Lluïsot**
*Retrato de corpo enteiro, do peiteado aos zapatos*
HOTEL O XARDÍN DE JULIA

## Marion Rivolier

Licenciada en Artes Visuais, tras finalizar os seus estudos asistiu á École Nationale Supérieure deas Arts Décoratifs en París. Alí descubriu a escenografía -a arte do espazo-, unha disciplina en perfecta sintonía co seu traballo como pintora: o diálogo entre a actividade dos corpos e o espazo. O que máis lle interesa é captar o movemento e a luz no lugar. A acuarela é para ela o medio máis rico e sensible, porque permite pasar dunha cor intensa a unha transparencia absoluta; ademais de capturar rapidamente a luz, a cor e o movemento dun lugar ou acción. É membro activo do colectivo Urban Sketchers París, no que participa en ambiciosos proxectos ao redor da transmisión e o ámbito social. https://marionrivolier.fr/










# Tazab

É debuxante, ciclista incansable, médico e músico cando o viño é bo. Sempre se sentiu atraído polo cómic e a ilustración, e enche decontino cadernos de debuxo na rúa, mentres practica o sendeirismo ou viaxa. Na súa equipaxe nunca falta unha pequena caixa de acuarelas, un caderno e uns cantos pinceis. Téñeno visto debuxando sobre esquís, nun ciclomotor, entre os bastidores dun festival de jazz ou nas ventosas rúas de Clermont-Ferrand, onde reside. No ano 2021 publica "Dordogne, da source à l'océan", un caderno de viaxe polo río con debuxos e ilustracións propias. @tazab

# Lis Watkins

Vive en Londres e traballa paisaxismo, ilustración de viaxes e realiza talleres por toda Europa. Entre 2019 e 2022 foi profesora convidada na Universidade Metropolitana de Londres, onde impartiu talleres de Debuxo Urbano a estudantes da Facultade de Deseño de Interiores. Participou no proxecto Sketch Tour Portugal para Turismo de Portugal, creando un cartafol de debuxos de distintas localizacións de Lisboa. Na pasada edición do "Rendez-vous du Carné de Voyage" de Clermont-Ferrand, foi nomeada para o "Prix du Carné de Voyage International" polo seu libro "London Greens".
https://www.liswatkins.com/









## Lluïsot

Empeza a publicar profesionalmente no ano 1983 na revista satírica El Jueves, con series como La Danza Macabra, Insectocracia e Carne de Psiquiatra. Colaborou en distintos xornais e revistas: L'Avui, La Vanguardia, El Periódico de Cataluña, Lecturas, Tretzevents e Cavall Fort. Viaxeiro empedernido, publicou libros de viaxe, tales como "Una Temporada en Calcuta, India", "Chiapas a deshora" y "El Raval: un món de cultura". Actualmente, tamén é profesor de Ilustración Infantil na Escuela EINA, de Debuxo Artístico en escolas e imparte talleres de sketching e Meditación Creativa (método de propia autoría).
http://lluisot-ninotaire.blogspot.com/

## Federico Granell

Estudou Belas Artes en Salamanca, e completou a súa formación en Milán, Londres e Roma. Ademais de expoñer en distintas cidades españolas, fíxoo en México, Santo Domingo, Buenos Aires, París, Roma ou Riga. Obras súas figuran en coleccións e museos (Museo de Belas Artes de Asturias, Colección Masaveu, Fundación Alvargonzález, Junta General del Principado, Diputación de Cáceres, Colección El Corte Inglés ou Colección Circa de Pilar Citoler). Ten no seu haber máis dunha decena de premios e foi seleccionado en numerosos certames nacionais e internacionais. No ano 2020 publica o libro "Las doscientas canciones que vienen al caso", que recolle parte da obra que desenvolveu nos últimos anos sobre cancións ilustradas.
http://www.federicogranell.com/







EXPOSICIÓN

# PORTO E BRAGA

## PAULO J MENDES

TURISMO DO PORTO E NORTE DE PORTUGAL

portoenorte

Inauguración: sábado 11 de novembro | 13 h
Turismo do Porto e Norte de Portugal | Rúa do Vilar 30-32





Traballou como debuxante publicitario en listas telefónicas e como pintor de azulexos, e realizou incursións no debuxo de medallas, "ex libris" e pintura en acuarela. Urban Sketcher desde 2014, camiña diariamente polas rúas do Porto e a súa contorna, con centos de debuxos xa feitos. Atráelle especialmente a vida nas rúas, os detalles que ninguén nota, a arquitectura de outrora, edificios abandonados, pero tamén as paisaxes rurais, interiores antigos, o barroco...
@pauloj.mendes

Paulo J. Mendes




## WORKSHOPS

1
**Marion Rivolier**
PRAZA DO OBRADOIRO

2
**Lis Watkins**
ALAMEDA

3
**Paulo J. Mendes**
RÚA DE SAN PEDRO

4
**Tazab**
PRAZA DE ABASTOS

5
**Lluïsot**
HOTEL O XARDÍN DE JULIA

6
**Federico Granell**
PRAZA DA QUINTANA

Clase maxistral

*Instagram para debuxantes*

**Mónica Urrutia**

Xoves

9 de novembro

16:00-18:30 h

Auditorio do Museo das Peregrinacións e de Santiago

PATROCINADO POR

Pentel

# ON-Compostela

## Mónica Urrutia

Especialista en tendencias dixitais, creación de contidos audiovisuais e comunicación en redes... Imparte clases maxistrais en Universidades, escolas profesionais e en varios programas de Barcelona Activa da Deputación. No ámbito privado, colabora con pemes na creación de plans de estratexia dixital para introducirse na Web 3.0. e plans de comunicación para redes sociais.

https://www.monicaurrutia.com/







# OFF-Compostela

## Oniel Rodríguez

Pintor, debuxante, acuarelista, membro do Colectivo Plástico do Mariel e do proxecto "Táboa de Auga". A súa obra forma parte da colección de importantes institucións cubanas e outras privadas en países como O Canadá, O Perú, Italia, Alemaña, Holanda, Grecia, España, etc. Actualmente atópase experimentando coa técnica do café, que non é máis que usar esta bebida como pigmento e traballalo de forma similar á acuarela.

@rodiguelopeoniel







Quedada para almorzar

*Café para todos*

**Oniel Rodríguez**

Domingo

12 de novembro

10:30-12:30 h

Auditorio do Museo das Peregrinacións e de Santiago

CO PATROCÍNIO DE

Café Dromedario

## Escaparatismo ilustrado

**Montsino**

Xoves 9, venres 10 e sábado 11 de novembro

Nos comercios

maravalla

elladiz

# ESCAPARATISMO ilustrado

## Montsino

Documentalista, urban sketcher e ilustradora. Retoma o debuxo grazas ao urban sketching en 2013 e ao ano seguinte, xa con 50 anos, empeza a estudar ilustración. Segue aprendendo e probando técnicas sendo as que máis lle interesan: o gouache, a colaxe, o monotipo e o gravado, sobre todo en tetrabrik e en linóleo. Fai estampados a partir de ilustracións propias, e debuxo en escaparates. Forma parte do colectivo de ilustradoras, Peste Alta, co que publicou un álbum ilustrado ("A pas de zebra"), e de C.I.R.C, colectivo de ilustradores de Rubí. @montsino





# O MURAL ilustrado

## Iria Prol

É ilustradora, artista mural e deseñadora gráfica. Tras rematar a carreira de Enxeñería en Deseño Industrial na Universidade Politécnica de Valencia, continúa cos estudos de Máster en Arte e traballa como deseñadora en Francia e no Reino Unido. En 2009 volve a Galicia, onde traballa como freelance para recoñecidas marcas do mundo da moda, o deseño e a publicidade. Actualmente combina os proxectos de deseño gráfico e ilustración coa realización de murais e coa docencia.
https://www.iriaprol.com/



## O Mural ilustrado

**Iria Prol**

Venres 10 e sábado 11 de novembro de 16 a 19 h

Auditorio de Galicia

CO PATROCÍNIO DE

ROYAL TALENS

# XORNADAS DE ILUSTRACIÓN URBANA 2023

AUDITORIO DE GALICIA | SALA MOZART

Compostela Cultura

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n. 15705 Santiago de Compostela
T 981 55 22 90 | T 981 57 41 52
@CCultura compostelacultura @CCultura
www.compostelacultura.gal

Deputación DA CORUÑA

CONCELLO DE SANTIAGO

Durante as Xornadas, nas tardes de venres e sábado, **Iria Prol** realizará en directo un mural de 2 x 2 metros.

Este ano o lema do encontro é *Un modo de vivir*, porque cremos que o debuxo de caderno colleu moita forza nestes últimos anos e se converteu, para moitas persoas, nun traballo que vai máis aló da afección. Presentamos nas Xornadas de Ilustración Urbana proxectos e experiencias que levaron as nosas invitadas/os a poder considerar o debuxo, ademais dunha paixón, unha profesión.



## VENRES 10 DE NOVEMBRO

*

16:00 h

INAUGURACIÓN DAS XORNADAS

*

16:15 h

CONFERENCIA DE **Marion Rivolier**

*Frontière(s)*

*

17:15 h

CONFERENCIA DE **Federico Granell**

*Lanzarote vs Siracusa*

*

18:00 h

CONFERENCIA DE **Paulo J. Mendes**

*O meu achegamento ao urban sketching (e como cambiou a miña vida)*

*

## SÁBADO 11 DE NOVEMBRO

*

16:00 h

CONFERENCIA DE **Iria Prol**

*Muralismo ilustrado*

*

16:30 h

CONFERENCIA DE **Lis Watkins**

*Debuxando o meu camiño pola vida*

*

17:15 h

CONFERENCIA DE **Tazab**

*Residencia artística: Cíes*

*

18:15 h

CONFERENCIA DE **Lluïsot**

*Retrato creativo ou a arte de perder amigos*

*







Os Urban Sketchers París e os reclusos da Santé lévante a unha viaxe excepcional a un lugar mítico, para tentar plasmar unha determinada realidade a través dos seus debuxos, máis aló das fantasías e clixés sobre o contorno carcerario.

Seis artistas do colectivo Urban Sketchers París dirixiron un ciclo de talleres de debuxo no Centro carcelario da Santé. Tiveron un acceso sen precedentes á prisión, aos detidos alí e tamén ás persoas que traballan día día con eles.

*Frontière(s)* é unha curtametraxe de 26 minutos, escrita e dirixida por David e Marion Rivolier, é o testemuño dunha experiencia artística e humana sen precedentes no universo carcerario.

**Venres 10 de novembro | 16:15 h | Sala Mozart | Auditorio de Galicia**






PILAR BARRAL
CELIA BURGOS
NANDA CABALEIRO
ROISÍN CURÉ
BLANCA ESCRIGAS
ANA LUISA FRAZÃO
MARU GODÁS
ANA GRASSET
FERNANDA LAMELAS
AMELIA PALACIOS
CATALINA RODRÍGUEZ VILLAZÓN
TERESA RUIVO
RITA SABLER
ISABELL SEIDEL
AURORA VILLAVIEJAS

EXPOSICIÓN

# PEREGRINAS *ilustradas*

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

DO 9 DE NOVEMBRO DE 2023 AO 14 DE XANEIRO DE 2024

XUNTA DE GALICIA · Xacobeo · galicia

Inauguración: viernes 10 de noviembre | 13 h



Premio 2019: **MeliMolita**




# 5º PREMIO COMPOSTELA ILUSTRADA

Dotado con **300 euros**

CO PATROCINIO DE
elpatitoeditorial

Premio 2021: **Daniel Carbajal**






Premio 2018: **Laura Romero**

**Bases en**
**www.compostelailustrada.com**

Premio 2022: **Xavier Krauel**



# COMPOSTELA iLUSTRADA — PROGRAMA 2023

## XOVES 9 DE NOVEMBRO

15:45 h
AUDITORIO DO
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
**Recollida de acreditacións**

de 16:00 a 18:30 h
AUDITORIO DO
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
CLASE MAXISTRAL
On Compostela
Mónica Urrutia
*Instagram para debuxantes*

19:30 h
LIBRARÍA LILA DE LILITH
PRESENTACIÓN
*Acuarela Contemporánea in situ*
Marion Rivolier

## VENRES 10 DE NOVEMBRO

*Workshops*
de 9 a 12 h

*

Barrio de San Pedro
PUNTO DE ENCONTRO:
A CASA DO TABERNEIRO
**Lluïsot**
*Retrato de corpo enteiro, do peiteado aos zapatos*
**Paulo J. Mendes**
*Os detalles Invisibles*

*

Alameda
PUNTO DE ENCONTRO:
CAFETERÍA FERRADURA
**Lis Watkins**
*Vida no parque*

*

Praza do Obradoiro
PUNTO DE ENCONTRO:
SOPORTAIS PAZO DE RAXOI
**Marion Rivolier**
*Captar a paisaxe contrastando cores*

*

Praza da Quintana
PUNTO DE ENCONTRO:
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
**Federico Granell**
*A forza do debuxo invisible*

*

Praza de Abastos
PUNTO DE ENCONTRO:
AULA GASTRONÓMICA
**Tazab**
*Vitamina o teu caderno!*

*

13:00 h
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
INAUGURACIÓN DE EXPOSICIÓN
*Peregrinas ilustradas*

de 16 a 19 h
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA
Xornadas de Ilustración Urbana

*

16:00 h
INAUGURACIÓN
DAS XORNADAS

*

16:15 h
**Marion Rivolier**
*Frontière(s)*

*

17:15 h
**Federico Granell**
*Lanzarote vs Siracusa*

*

18:00 h
**Paulo J Mendes**
*O meu achegamento ao urban sketching (e como cambiou a miña vida)*

20:00 h
GALERÍA METRO
INAUGURACIÓN DE EXPOSICIÓN
Federico Granell

## SÁBADO 11 DE NOVEMBRO

*Workshops*
de 9 a 12 h

*

Barrio de San Pedro
PUNTO DE ENCONTRO:
A CASA DO TABERNEIRO
**Lluïsot**
*Retrato de corpo enteiro, do peiteado aos zapatos*
**Paulo J. Mendes**
*Os detalles Invisibles*

*

Alameda
PUNTO DE ENCONTRO:
CAFETERÍA FERRADURA
**Lis Watkins**
*Vida no parque*

*

Praza do Obradoiro
PUNTO DE ENCONTRO:
SOPORTAIS PAZO DE RAXOI
**Marion Rivolier**
*Captar a paisaxe contrastando cores*

*

Praza da Quintana
PUNTO DE ENCONTRO:
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
**Federico Granell**
*A forza do debuxo invisible*

*

Praza de Abastos
PUNTO DE ENCONTRO:
AULA GASTRONÓMICA
**Tazab**
*Vitamina o teu caderno!*

*

13:00 h
TURISMO DO PORTO
E NORTE DE PORTUGAL
INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN
*Porto e Braga*
Paulo J. Mendes

de 16 a 19 h
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA
Xornadas de Ilustración Urbana

*

16:00 h
**Iria Prol**
*Muralismo Ilustrado*

*

16:30 h
**Lis Watkins**
*Debuxando o meu camiño pola vida*

*

17:15 h
**Tazab**
*Residencia artística: Islas Cíes*

*

18:00 h
**Lluïsot**
*Retrato creativo ou a arte de perder amigos*

21:00 h
COMEDOR MONUMENTAL
SAN MARTIÑO PINARIO
Cea Oficial
Sorteos dos patrocinadores

## DOMINGO 12 DE NOVEMBRO

de 10:30 a 11:30 h
AUDITORIO DO
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
QUEDADA PARA DEBUXAR
Off Compostela
**Oniel Rodríguez**
*Café para todos*

12:30 h
ESCALEIRA DA
PRAZA DAS PRATERÍAS
Foto oficial

COMPOSTELA iLUSTRADA

# Patrocinadores

LIBROS

GG

VIÑO

RECTORAL DE AMANDI



CAFÉ

CAFÉ Dromedario® DESDE 1871

LIBROS

elpatitoeditorial

# Patrocinadores

PAPEL

Hahnemühle

PAPER MAKES THE DIFFERENCE

ROTULADORES

Pentel

ACUARELAS

White Nights

PINCEIS

Escoda®

BARCELONA

ACRÍLICOS

ROYAL TALENS